

## As fontes de enerxía

### Unidade 9

As **fontes de enerxía** son os recursos que proporcionan a forza necesaria para levar a cabo un traballo. España é un exemplo de desequilibrio e dependencia enerxética (o consumo supera á produción interior). O consumo incrementouse a partir da Revolución Industrial. A nosa produción interior procede sobre todo da enerxía nuclear e o carbón mentres que o que máis importamos é o gas natural e o petróleo.

Fonte de enerxía		Definición	Historia	Produción	Destino	
<b>Tradicionais</b>	<b>Carbón</b>	Rocha estratificada combustible de cor negra, formada pola descomposición de restos vexetais ao longo de millóns de anos.	Durante a Revolución Industrial tivo un papel hexemónico. Na época da autarquía substituíuse polo petróleo.	-A interior: localízase en trece grandes conchas destacando a asturiana-leonesa-palentina e a de Teruel. -Importamos de Australia, EEUU, Indonesia e República Sudafricana,	As industrias siderúrxicas e do cemento, calefaccións domésticas e produción de electricidade en centrais térmicas.	
	<b>Petróleo</b>	Aceite mineral de cor moi escura composta por unha mestura de hidrocarburos.	O seu auge produciuse a partir da década dos 60. Dende entón non para de crecer o seu consumo. No futuro manterase aínda que en detrimento do gas natural.	-A interior: é insignificante e localízase na costa mediterránea e en Burgos. -Importamos de Oriente Medio, Nixeria, América Latina e Reino Unido e Rusia.	Obtención de derivados para o transporte e a industria en refinarías e produtos químicos en industrias petroquímicas.	
	<b>Gas natural</b>	Mestura de hidrocarburos gasosos, na que predomina o metano.	O seu consumo iniciouse en 1969 e desde 1976 experimentou un gran auge. No futuro crecerá o seu consumo polos fogares.	-A interior: é insignificante (Huelva e Sevilla). -Importamos do Golfo Pérsico, Libia, Nixeria e Exipto, Alxeria, Noruega e Portugal.	Para a industria, os fogares e produción d electricidade.	
	<b>Enerxía nuclear</b>	<b>De fisión</b>	Procede da fisión de átomos pesados de uranio.	O seu uso comezou en 1969 e creceu a partir da crise do petróleo. Dende 1984 a súa expansión paralizouse. O seu futuro é incerto.	Importamos o uranio de Níxer.	Para a produción de electricidade en oito centrais nucleares ademais de utilizarse na medicina.
		<b>De fusión</b>	Consiste na unión de isótopos lixeiros de hidróxeno (deuterio e tritio).	Está en experimentación. O problema son as súas altas temperaturas.		
	<b>Enerxía hidráulica</b>		Procede da auga embalsada en presas e lagos que se fai saltar por canalizacións e move turbinas conectadas a un xerador.	Tivo un gran desenvolvemento entre 1940 e 1970 pero desde entón atópase estancada ante a termoelectricidade. No futuro non se esperan grandes alzas.	Localízase en zonas de grandes desniveis: norte peninsular, Pireneos, ríos Douro e Texo coa fronteira de Portugal.	Produción de electricidade en centrais hidroeléctricas.

As fontes de enerxía

Unidade 9

**Enerxías alternativas:** proceden de recursos inesgotables, son limpas e mostran unha elevada dispersión que permite utilizalas en lugares diversos. O seu uso comezou a partir da crise do petróleo. Pero a súa implantación foi lenta debido ao seu maior prezo. Existen plans para fomentalas.

Fonte de enerxía	Definición	Historia	Produción	Destino
<b>Minicentraís hidráulicas</b>	Centrais de pouca potencia que utilizan o salto dos ríos ou de canles de rega para producir electricidade.		Predominan en Cataluña, Galicia, Aragón e Castela e León.	Enerxía eléctrica, térmica ou mecánica.
<b>Biomasa</b>	Obtense de residuos biolóxicos agrícolas, gandeiros e forestais e dos subprodutos das industrias agroalimentarias e da madeira		Castela A mancha, Castela e León e Andalucía.	Enerxía térmica ou eléctrica.
<b>Eólica</b>	Utiliza a forza do vento.	O seu crecemento foi espectacular grazas á progresiva redución dos custos.	Litoral galego, Tarifa, serras do Sistema Ibérico e comunidades como Canarias, Aragón e C. F. de Navarra.	Enerxía mecánica ou eléctrica.
<b>Solar</b>	Usa a calor e a luz do sol.	Existen centrais solares térmicas (utilizan placas) e fotovoltaicas (paneis de silicio).	-Térmicas: Andalucía, Cataluña, Canarias e Baleares. -Fotovoltaicas: Toledo, Madrid, Alacant e Andalucía.	Quentar auga e calefaccións domésticas e electricidade.
<b>Xeotérmica</b>	Usa o vapor ou a auga quente subterránea.	Moi escasa.	Rexión de Murcia e Ourense.	Uso térmico para calefacción de invernadoiros, vivendas e balnearios.
<b>Maremotriz</b>	Utiliza a forza da auga do mar.	Estanse a construír centrais experimentais.	Costa de Santoña (Cantabria) e no porto de Mutriku (Guipuzkoa)	

2º de Bacharelato Colexio Marilano